



CPR Plurilingüe Abrente

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

Introdución

Datos básicos do centro

O CPR Plurilingüe Abrente é un centro concertado que oferta as ensinanzas de Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO, escolarizando neste curso 2021/2022- a 326 alumnos/as. O claustro está formado por 30 profesores/as. O colexio está situado na rúa O Pombal, s/n en Adina 36979, Sanxenxo, Pontevedra. O número de contacto telefónico é o 986723494, e o correo electrónico, colexioabrente@colexioabrente.com.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A titularidade do Colexio Abrente corresponde dende o ano 1986 a Adigna Sociedade Cooperativa Galega.

Somos unha asociación de profesores que nos unimos dun xeito voluntario para satisfacer as nosas necesidades económicas, sociais e culturais en común mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática.

Como cooperativa de traballo asociado, a nosa principal actividade é o ensino regrado e o servizo de atención á primeira infancia e nenos desprotexidos.

Os órganos sociais da Cooperativa son os seguintes:

Asemblea Xeral :

Órgano Supremo da Cooperativa que ten o poder da mesma. Expresa a vontade de tódolos/as socios/as.

Consello Rector :

Órgano que xestiona e executa as decisións da Asemblea Xeral. Goberna e representa á Cooperativa fronte a terceiros. Os seus membros son escollidos pola Asemblea Xeral por un período de tres anos.

O Colexio Abrente caracterízase por estar levando a cabo constantes iniciativas empresariais que permiten contar con un incremento de recursos necesarios e imprescindibles para o desenvolvemento da nosa actividade, tales como a implantación de novas tecnoloxías na aula e material didáctico adecuado as distintas etapas.

Contamos con un equipo de profesores que fan posible a posta en marcha dun proxecto pedagóxico a través da súa continua formación e de participación en proxectos de investigación innovadores e actuais.

O noso centro réxese por un PEC que como punto de partida está baseado na tolerancia, a xustiza, a liberdade e a igualdade, elementos fundamentais que nos conducen ao desenvolvemento integral do alumnado a través de un plan estratéxico de resolución de conflitos coñecido e respectado por todos os membros da comunidade educativa.

A misión do Colexio Abrente consiste en favorecer o desenvolvemento integral de todo o alumnado e fomentar a participación da comunidade escolar nun Proxecto Educativo democrático, solidario e cooperador.

Isto significa desenvolver accións educativas nas que se potencia entre os alumnos a autonomía e o pensamento crítico e reflexivo, así como valores básicos que garantiren a liberdade e a capacidade de decidir. Todo isto a través dun equipo de profesionais que colabora co seu traballo na posta en marcha dun proxecto pedagóxico.

Pretendemos promover o sentimento de pertenza a unha comunidade escolar, na que

o valor do respecto guíe a relación entre os seus membros e, desta maneira, es-
pertar nos alumnos a autonomía crítica, o autocoñecemento, a liberdade interior
e o diálogo racional sobre o mundo.

Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/ 2006 do 3 de maio de Educación [LOE], modificada pola Lei Or-
gánica 3/ 2020 do 29 de decembro [LOMLOE] establece no seu artigo 2. 1) como
un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para garantir a plena
inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos
medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais,
os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da inti-
midade individual e colectiva.

Así mesmo, no seu artigo 19, dispón como un dos seus principios pedagóxicos
que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a
comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a
competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do em-
prendemento traballaranse en todas as áreas.

No artigo 102, con respecto á formación permanente recolle que as Administra-
cións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a
comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras
de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo
programas específicos de formación nestes ámbitos.

Finalmente, no artigo 111bis, establece diferentes aspectos sobre as Tecnolo-
xías da Información e a comunicación no proceso de ensino -aprendizaxe e no ar-
tigo 121 di que o Proxecto Educativo Centro recollerá así mesmo a estratexia
dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.

O Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación
Primaria no seu artigo 2 recolle a Competencia Dixital como unha das competen-
cias clave. No artigo 7. i) fixa como un dos obxectivos da Educación Primaria,
iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e
a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e
elaboran.

Finalmente, o artigo 10.1, que recolle os elementos transversais contempla que,
sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa,
a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual,
as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación
cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

O Real Decreto 1105/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación
Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, recolle en o seu artigo 2 a competen-
cia dixital como unha das competencias craves. No artigo 6. 1 sobre os elemen-
tos transversais, contempla que en Educación Secundaria Obrigatoria, sen pre-
xuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a com-
prensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as
Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación
cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

O apartado 2 do mesmo artigo establece que os currículos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Finalmente, un dos obxectivos da Educación Secundaria que se fixan no artigo 11, é o de desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Este Plan Dixital de Centro propón recoller as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile. Tanto para a mellora dos procesos educativos que ocorren fóra ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que os centros educativos cumpran a súa función formativa, consolidáronse xa unha serie de recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, entendendo o Centro como a unida de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo do Centro.

O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción. Os centros educativos formamos parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por eles debemos dar respostas a estas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía é necesario nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacións coas cuestións organizativas ata os procesos de ensino e aprendizaxe.

É evidente que, para asegurar a igualdade social, a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas, a educación é un recurso crave. A Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais e permita aproveitar as oportunidades.

É necesario que as organizacións educativas revisen as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais.

Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro preténdese:

- Avaliar a situación do noso Centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competente para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no Centro.

- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.

- Transformar o noso Centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.

- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

A finalidade do noso Centro educativo é que o alumnado aprenda e fórmese como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

Proceso de elaboración

O proceso de elaboración e coordinación do Plan Dixital no noso centro segue unha estratexia baseada no avance en tres fases distintas ou momentos no desenrolo do mesmo:

- a) 1ª fase: Análise. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro. Trátase de unha fase en constante evolución.
- b) 2ª fase: Desenrolo. Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas. Toda a comunidade educativa e os axentes específicos, levarán a cabo os aspectos recollidos neste documento de acordo á súa función.
- c) 3ª fase: Avaliación. Como base para unha mellora continua, recopílanse resultados, e a avaliación das accións e procesos que se fixeron mediante a ferramenta Selfie. No claustro de fin de curso presentarase os resultados finais.

Unha vez aprobado, publicarase o Plan Dixital na web do centro e se incluírá tamén no Proxecto Educativo do CPR Plurilingüe Abrente.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CPR Plurilingüe Abrente dispón de dous edificios independentes (edificio central e pabellón deportivo), conectados por una zona de aparcamento para o profesorado, ademais de tres pistas deportivas, zonas axardinadas, e unha zona independente con parque para o alumnado de Ed. Infantil. Por desgracia, todo o relativo ao equipamento informático e servizos dixitais concéntrase só no edificio principal no que están as aulas, departamentos, secretaría, laboratorio, ximnasio interior, cociña e comedor. Así, os recursos dixitais que

o centro pon a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e alumnado son os seguintes:

Aula de informática e ordenadores nas aulas:

Dispónse dunha aula de informática na planta superior do edificio principal que conta con 15 equipos informáticos (Intel Celeron e 4G de RAM) con sistema Linux (versión 2022 modificada pola Xunta de Galicia para colexios incluídos no Plan Abalar).

Todas as aulas do centro contan con un ordenador para uso do profesorado, pero a maioría son equipos que teñen máis de tres anos e moitas veces quédanse colgados ou non van moi fluídos.

O inventario destes equipos é o seguinte:

[] Infantil 3 anos: Intel i3 3200 4 RAM 500 HDD	Asus
[] Infantil 4 anos: Intel i3 7000 4 RAM 120 SSD	HP
[] Infantil 5 anos: Intel i5 6200 4 RAM 500 HDD	Asus
[] 1º EP: Intel i3 7000 4 RAM 120 SSD	HP
[] 2º EP: Lenovo Celeron b940 4 RAM 120 SSD	Lenovo
[] 3º EP: HP (moi desfasado) Intel Celeron HDD	HP
[] 4º EP: HP Intel i3 350 2 RAM 130 SSD	HP
[] 5º EP: HP Intel i3 7020 4 RAM 120 SSD	HP
[] 6º EP: HP I3 6006 4 RAM 500 HDD	HP
[] 1º ESO: HP Intel i3 350 2 RAM 130 SSD	HP
[] 2º ESO: Lenovo Xunta	Lenovo
[] 3º ESO: Lenovo Celeron b940 4 RAM 500 HDD	Lenovo
[] Aula de Desdobre: Core 2 Duo 3 RAM 120 SSD	Samsung
[] 4º ESO: Intel i3 5005 4 GB RAM HDD 500 Gb	HP
[] Laboratorio: Intel i3 6006 4 RAM 240 SSD	HP

Hai outros 4 equipos portátiles na Biblioteca que foron aproveitados para o seu uso como equipos de consulta, xa que tiveron que ser acondicionados a tal fin porque xa estaban moi obsoletos (cambio do disco duro, sistema operativo e RAM).

En total o número de ordenadores do centro repártese do seguinte xeito:

- Ordenadores de sobremesa: 25 (4 deles con máis de cinco anos de antigüidade).

- Ordenadores portátiles:
 - o Abalar/Edixgal: 224 unidades
 - o Non Abalar/Edixgal: 20 unidades (7 ordenadores cunha antigüidade maior a cinco anos).
- Tabletats: 4
- Total de ordenadores: 273

Por localización temos os seguintes datos:

- En aulas específicas de Informática: 15 unidades.
- En aulas habituais de clase:
 - o Abalar/Edixgal: 224 unidades.
 - o En calquera outra aula: 18 unidades.
- En dependencias de administración e xestión: 4 unidades.
- Noutras dependencias como biblioteca, departamento, sala de profesorado...: 8 unidades.
- Sen localización fixa: 4 unidades.

Por utilización preferente:

- Tarefas administrativas: 4 unidades.
- Tarefas educativas:
 - o Uso exclusivo do profesorado: 26 unidades.
 - o Docencia directa con alumnos: 239 unidades.
 - o Non asignados a unha tarefa preferente: 4 unidades.

Dotación de sistemas dixitais interactivos:

- Nº de aulas dotadas de sistemas dixitais interactivos: 18
- Nº de aulas sen dotación de sistemas dixitais interactivos: 2

Outros equipos informáticos do centro:

- Nº de encerados interactivos: 18
- Nº de proxectores: 18
- Nº de escáner: 5
- Nº de fotocopiadoras: 1
- Nº de impresoras conectadas en redes: 3
- Nº de impresoras locais (conectadas a un único equipo): 3
- Nº de puntos de acceso wifi (incluído router wifi): 18

- Nº de armarios de carga: 4

Conexión wifi:

Conexión a Internet mediante un servizo de banda ancha (500 gbs simétricos). O problema é que o nodo de conexión non chega directamente ao centro, senón a través dun cable de cen metros que conecta no punto máis cercan ao centro (un nodo de Cable R na carreteira de saída e entrada ao recinto) polo que moitas veces se mostra un pouco inestable.

Todo o persoal do centro, así como o alumnado, xa sexa con dispositivos do centro ou propios, teñen acceso a Internet vía wifi.

A rede wifi está dispoñible nos espazos adicados á docencia, nos departamentos, secretaría e despachos e tamén nas zonas comúns do edificio principal.

O número de aulas con conexión a Internet é de 18. Hai dúas que non teñen conexión.

O número de espazos administrativos con conexión a Internet é de 4.

Entorno virtual de aprendizaxe:

O centro usa como ferramentas para a comunicación constante cos pais e nais, así como co alumnado, varios medios:

Correo electrónico:

- Para a comunicación de aspectos educativos e do proceso de ensinanza-aprendizaxe co alumnado úsase o correo coa extensión @colexioabrente.org
- Para a comunicación de aspectos administrativos, de secretaría, circulares... O correo do centro é colexioabrente@colexioabrente.com 66

Abalar móbil

O entorno virtual de aprendizaxe usado é Google Classroom, unha ferramenta pertencente a suite Google for Education (dirixida a centros educativos). Esta ferramenta permite a creación de un correo exclusivo para cada usuario (tanto alumnos como docentes) que se rixe pola normativa europea en materia de protección de datos.

Tamén están dispoñibles servizos na nube proporcionados tanto polo propio centro como pola Administración educativa.

Uso do móbil no centro:

Segundo o DOG Núm. 17 do martes, 27 de xaneiro de 2015, no artigo 19 se especifica o seguinte:

“Así mesmo, prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica”.

Polo que o uso dos móbiles no centro non está permitido por traer consigo moitos máis perxuicios para a actividade educativa que beneficios.

Detalle de pantallas interactivas e proxectores:

Tamén contan as aulas cunha pantalla dixital e un proxector cada una sumando un total de dezaioito pantallas e proxectores. Estes últimos divídense do seguinte xeito:

8 proxectores marca Optoma.

7 proxectores marca Acer.

1 proxector marca Benq.

1 proxector marca HP.

1 proxector marca Nec.

Periféricos:

Do mesmo xeito, as aulas tamén contan con periféricos como webcams integradas nos equipos e altofalantes, aínda que estes últimos son escasos (non todas as aulas os teñen) e moitas veces cunha calidade de son insuficiente para as necesidades diarias da clase.

A instalación eléctrica para as conexións dos equipos foi renovada recentemente nas aulas da ESO e Primaria, aínda que na aula de Informática os equipos están conectados a través dunha rede LAN con máis de dez anos que , as veces, móstrase un pouco inestable.

Parte administrativa:

A secretaría do centro conta con dous equipos de sobremesa (Minibarebone i3 4gb RAM) con sistema operativo Windows 10 con licencia oficial. Así mesmo, a sala de profesores conta con dous equipos de sobremesa con Windows 10 Intel i3 4gb RAM.

Non hai impresoras nas aulas habituais de clase, só en despachos, departamentos o na secretaría (fotocopiadora).

Redes sociais e web:

O centro posúe una páxina web propia co dominio www.colexioabrente.com, así como usuario en redes sociais como Instagram e Facebook.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.6	4.1			
	Profesorado	4	3.9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.4	3.9			
	Profesorado	3.6	3.4			
	Alumnado	3.7	3.3			

C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	4		
	Profesorado	4.1	3.8		
	Alumnado	3.9	3.9		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.4	3.8		
	Profesorado	3.6	3.4		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2	3.8		
	Profesorado	4.2	4		
	Alumnado		4		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5	3.7		
	Profesorado	4	3.6		
	Alumnado	3.6	3.4		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5	3.7		
	Profesorado	4	2.9		
	Alumnado		2.8		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8	3.7		
	Profesorado	4	3.7		
	Alumnado	3.6	3.6		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	25	96%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
85,3	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	71,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	82,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	84,2	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
Ed. Esp.	106	Experto/a (B2)	72,1	Integrador/a (B1)
ENR	101	Experto (B2)	75,8	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	8	33,3%
B1	7	29,2%
B2	7	29,2%
C1	2	8,3%
C2		
TOTAL	24	100%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C7: no noso centro existen medios de protección de datos de acordo á lei comunitaria sobre centros educativos.</p> <p>C2: o centro conta con dispositivos dixitais ao dispor do profesorado para o seu uso no ensino.</p> <p>C8: pónense ao dispor do alumnado dispositivos dixitais que son propiedade do centro para que o alumno poidaos usar cando os necesite.</p> <p>C15: o centro pon ao dispor dos alumnos con necesidades educativas especiais tecnoloxías asistenciais adaptadas de forma individual.</p> <p>C5: dispónse dun técnico en mantemento que presta asistencia cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C1: no noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C3: o centro facilita o acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C10: o centro posúe ou administra dispositivos portátiles que o alumnado pode levar a casa no caso de que sexa necesario.</p>	<p>C14: no noso centro os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, pero estes son escasos e insuficientes, o que obriga a establecer unha rotación de quendas á hora do seu uso.</p> <p>1: os diferentes medios e materiais usados obrigan a un constante mantemento da rede local e dos equipos docentes debido ás inestabilidade provocada na rede.</p> <p>2: as aulas carecen dunha impresora conectada ao equipo da clase co que hai que recorrer á impresora de secretaría para as copias necesarias de distintos contidos para o alumnado.</p> <p>3: conexión a Internet establece pola falta de nodos de fibra directos ao centro, o que obriga a "solucións creativas" para obtela (tender un cable de fibra varios centos de metros desde o nodo máis próximo ao centro).</p> <p>4: sistema de repetidores wifi no centro parcheado constantemente por falta dun investimento adecuado.</p> <p>5: as dimensións do centro non axudan a ter unha rede wifi estable ou que alcance a todos os lugares necesarios (pavillón, exteriores).</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>E1: o noso profesorado adoita buscar recursos dixitais en liña para enriquecer o proceso de aprendizaxe.</p> <p>E4: o noso profesorado usa de forma regular tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>E3: o profesorado emprega, na medida do posible, contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>E2: o profesorado reforza o seu labor de ensino mediante a creación de recursos dixitais.</p> <p>D2: facilítase o acceso a posibilidades do DCP no relativo ao ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>F1: o profesorado usa tecnoloxías dixitais para</p>	<p>F6: o profesorado non fomenta de maneira adecuada a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares usando tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: non se axuda adecuadamente desde a dirección ao profesorado para intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>G3: non se usan de forma adecuada por parte do profesorado as tecnoloxías dixitais para facilitar unha retroalimentación eficiente ao alumnado.</p> <p>D1: o equipo directivo non reflexiona co persoal docente sobre as necesidades do DCP no relativo aos ensinos con tecnoloxías</p>

	<p>adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>F4: o profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.</p> <p>F5: as tecnoloxías dixitais úsanse para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>A3: o persoal docente ten liberdade para explorar novas modalidades de ensino.</p>	<p>dixitais.</p> <p>G1: o profesorado atopa dificultades para utilizar as tecnoloxías dixitais á hora de avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G6: o profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>G5: o profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>1: o plan debería estar elaborado por todo o claustro de profesores, pero son moi poucos os que mostran certo interese niso.</p> <p>2: o uso de metodoloxías tradicionais por parte dunha parte profesorado non favorece a aplicación das novas tecnoloxías na aula.</p>
PERSOAL NON DOCENTE	<p>D3: o orientador do centro participa activamente, en colaboración co profesorado e a dirección do centro na organización de charlas e eventos relacionados con aspectos craves de problemáticas social a través do uso das novas tecnoloxías (chalas, vídeos e conferencias sobre violencia de xénero, bullying, oportunidades laborais e futuro educativo, educación sexual, etc).</p> <p>E1: tanto o orientador, como outros profesores auxiliares teñen acceso e conta na plataforma Classroom para manter o proceso de ensino e aprendizaxe o máis actualizado posible.</p> <p>F4: o persoal non docente participa de forma activa na inclusión do alumnado con NNEE ou discapacidades nas actividades grupais e colectivas, tanto a nivel de aula como de centro.</p> <p>F5: o persoal non docente está en contacto co alumnado que o necesite e participa con eles en actividades, así como actuando como guía para o desenvolvemento das mesmas.</p>	<p>E2: o persoal non docente non ten uns coñecementos demasiado amplos para a creación de recursos dixitais.</p>
ALUMNADO	<p>H10: o centro asegúrase de que o alumnado desenvolva as habilidades dixitais para diferentes materias.</p> <p>C8: o alumnado pode usar distintos dispositivos dixitais que o centro posúe e pon á súa disposición en distintas aulas do mesmo (biblioteca, sala de informática e aulas).</p> <p>H3: no noso centro a maior parte do alumnado aprende a usar de maneira responsable internet e as posibilidades que ofrece.</p> <p>H1: no noso centro vélese por que o alumnado aprenda a actuar dunha maneira segura na internet.</p> <p>H4: o alumnado aprende a verificar se a información que atopa na internet é fiable e precisa.</p> <p>H6: o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopou na internet.</p> <p>1: boa vontade de traballo á hora de facer actividades grupais, participar en certames de distinta índole e que involucren ás novas tecnoloxías.</p> <p>2: non hai moita conflictividade no centro, o que facilita o desenvolvemento de todo tipo de actividades grupais.</p> <p>3: moi boa aceptación por parte do alumnado da plataforma Classroom de Google for Education para desenvolver todo tipo de actividades e estar en contacto constante cos seus profesores e o centro.</p>	<p>H7: o alumnado non aprende de maneira eficiente a creación de contidos dixitais.</p> <p>1: uso dos equipos dixitais para actividades que nada teñen que ver con aspectos de aprendizaxe ou mellora de competencias.</p> <p>2: mostra certa reticencia a traballar determinados contidos dixitais en combinación con outros medios.</p> <p>3: debido á pandemia, perda dunha base firme de coñecementos, así como das ganas de innovar e investigar na aplicación das novas tecnoloxías ao proceso educativo.</p>
FAMILIAS	<p>1: o compromiso de moitas familias de manter en bo estado o equipo portátil do alumno e traelo cargado de casa, o que facilita o desenvolvemento das clases.</p> <p>2: abertas a unha comunicación constante e activa co centro en moitos casos.</p> <p>3: interesadas en mellorar a comprensión do uso de ferramentas que involucren as novas tecnoloxías, tales como Abalar móbil.</p>	<p>1: algunhas familias non están afeitas ao uso das novas tecnoloxías como ferramenta educativa e mostran certa reticencia.</p> <p>2: falta de interese nalgúns casos por mellorar as súas competencias en materia dixital para axudar aos seus fillos.</p> <p>3: descoñecemento en moitos casos de ferramentas como o "control parental" habilitable nos portátiles para protexer aos</p>

		<p>4: compromiso coas actividades realizadas no centro, chegando á colaboración activa en moitos casos.</p> <p>5: a maioría contan cunha conexión da internet en casa, o que favorece a continuación do traballo realizado nas aulas relativo ás novas tecnoloxías.</p>	seus fillos dun mal uso das ferramentas dixitais.
	OFERTA	<p>A3: a dirección apoia ao profesorado para que explore novas modalidades de ensino.</p> <p>O centro dispón ademais de servizo de comedor durante toda a semana, o que facilita a conciliación familiar, contando tamén co Plan Madruga.</p> <p>Numerosas actividades extraescolares que abarcan múltiples ámbitos como os idiomas (inglés e alemán), as artes plásticas (taller de pintura), actividades deportivas (karate e ximnasia rítmica), así como tamén a oferta en curso de Informática para Primaria e Robótica para todos os niveis educativos.</p> <p>1: o uso da plataforma Classroom como base para o traballo de aula virtual, tamén permite a asistencia ás clases de aqueles alumnos que han de gardar corentena polo covid a través da ferramenta de videoconferencia da propia plataforma. Esta caracterízase por unha gran estabilidade e a seguridade, evitando a filtración dos datos do alumnado fose da contorna educativa.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2: o equipo directivo involucra ao profesorado no desenvolvemento da súa estratexia dixital.</p> <p>1: concienciación do equipo directivo da importancia do uso das TICs e da realización dun Plan Dixital de Centro que sexa práctico e eficiente.</p> <p>2: o centro conta con certificación ISO de calidade, o que modernizou e homoxeneizou gran cantidade de documentos do mesmo.</p> <p>3: todas as aulas contan cun computador para o profesorado e con taboleiro dixital, ademais de conexión wifi.</p> <p>4: integración do Plan Abalar a partir de 5º de Primaria e ata 4º da ESO.</p> <p>5: o centro dispón dun histórico de datos sobre aspectos do funcionamento do mesmo (satisfacción medida a través de enquisas anuais, aprobados e materias impartidas...) o que facilita o establecemento de liñas de actuación obxectivas.</p> <p>6: celébranse ao longo do curso actos relacionados coa convivencia como o Día da Paz, Día da síndrome de Down, Día da Muller, así como actividades relacionadas con festivos locais e nacionais (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, etc) que moitas veces involucran o uso de novas tecnoloxías.</p>	<p>A1: no centro, a pesar de que hai unha estratexia dixital, esta está nas súas fases iniciais e necesita ser desenvolvida máis amplamente.</p> <p>B1: no centro non se avalían os progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 1: falta de coordinación entre os distintos departamentos á hora de realizar proxectos interdisciplinares conxuntos. 2: algúns programas de recuperación son obsoletos e non teñen en conta as novas tecnoloxías. 3: métodos tradicionais de avaliación que dificultan o uso do portfolio ou as rúbricas. 4: pouca participación do Consello Escolar nas actividades lectivas do centro.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1: está en constante comunicación coa Dirección do centro para coordinar de forma efectiva calquera cambio no plan educativo ou as programacións, esixido polas novas leis educativas.</p> <p>C2: a administración educativa ha favorecido a integración das novas tecnoloxías no proceso educativo promovendo o plan Abalar e o proxecto Edixgal para a dixitalización dos contidos e o acceso á información.</p> <p>C14 OP: a través de subvencións, a administración educativa ha favorecido en todo momento a mellora de instalacións e mobiliario do centro dentro duns límites razoables.</p> <p>C15 OP: mediante a incorporación do Plan Plambe, o centro puido levar a cabo una mellora substancial, non só das instalacións da biblioteca, senón tamén dos materiais,</p>	<p>1: esixencias de última hora relativas á necesidade de cambiar aspectos como os criterios de avaliación nas programacións, plans de reforzo e outros, que só cargan ao profesorado dun traballo extra cando xa está a piques de acabar o curso.</p> <p>C3: a administración educativa non se involucrou de maneira activa en favorecer o acceso a internet do centro.</p> <p>C5: aínda que, a administración educativa, a través da UAC presta apoio para a resolución de problemas relacionados co correo e as credenciais do profesorado; no ámbito do AV/AV, aínda que tamén inclúe aos centros concertados, non lles presta soporte técnico.</p>

	contribuíndo a unha mellora do catálogo de libros e á súa modernización.	
LEXISLACIÓN	<p>A5: no centro respéctanse os dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C7: mediante o uso de contas de correo da plataforma Google for Education para todos os alumnos, persoal docente e non docente do centro, asegúrase a protección de datos posto que esta plataforma conta cunha certificación europea nesa materia.</p> <p>1: todos os datos relativos ás contas dos alumnos na plataforma Google for Education e, por extensión, en Classroom só pódense usar no ámbito educativo e están protexidos ante calquera intrusión externa debido á propia configuración da ferramenta.</p>	1: constante cambio nos plans educativos o que altera o bo desenvolvemento da actividade docente, obrigando a un esforzo por parte de profesorado para estar ao día constantemente ou cambiar as súas programacións segundo díteno as leis, mesmo á metade ou finais de curso.
CONTORNA	<p>1: aproveitamento das instalacións do centro para distintas actividades de extraescolares para adultos, tanto no pavillón (equipo de fútbol-salga, clases de zoa), como na biblioteca, en colaboración coa Ampa.</p> <p>2: mantemento dunha comunicación constante co concello para elaborar proxectos comúns.</p> <p>3: gran interese do centro en incentivar e fomentar actividades formativas para o profesorado fóra das aulas.</p> <p>4: colaboración con Asociacións culturais ou ONG da localidade (asociación de nenos con NNEE).</p> <p>5: participación en proxectos doutros centros de forma colaborativa, establecidos a través de redes sociais.</p>	<p>C11 OP: é necesaria a implantación dun sistema que permita tomar medidas máis efectivas para identificar as dificultades no proceso de ensino derivadas do uso das novas tecnoloxías ligadas á contorna sociocultural do centro.</p> <p>1: dificultades nos accesos ao centro prexudicando isto ao desenvolvemento de certas actividades nas horas iniciais e finais da xornada educativa.</p>
